

Algunhas informacións tiradas do *Programa de reforzo para a recuperación de matemáticas pendentes de cursos anteriores.*

O alumnado que promocionou de curso sen ter superada a materia de matemáticas correspondente ao curso anterior, terá que seguir un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas. Este programa será aplicado polo profesor ou profesora do grupo ao que pertenza ese alumnado no actual curso.

Obxectivo fundamental do programa:

Que o alumnado adquira os coñecementos mínimos esixidos para o nivel correspondente.

Actuacións:

As actuacións que levaremos a cabo axustaranse ás seguintes directrices:

- Ao comezo do primeiro e segundo trimestres o xefe de departamento convocará unha reunión para o alumnado que teña matemáticas pendentes de cursos anteriores.
Nesta reunión informarase aos estudantes das características xerais do programa de recuperación: liña de traballo, horario de clases de reforzo –se as houber–, datas das probas parciais e do exame final, criterios de avaliación... Entregarase ao alumnado unha relación global de actividades a desenvolver.
- Ademais, nos primeiros días do curso o profesorado do departamento fará explícito, diante do alumnado que estea ao seu cargo e que teña matemáticas pendentes de cursos anteriores, cales serán as tarefas a desenvolver para acadar a recuperación das aprendizaxes.
- Ao longo do primeiro e segundo trimestres cada profesor determinará varias escolmas tiradas da relación de actividades entregadas ao alumnado para que lle sexan presentadas dentro dos prazos que se establezan (será fundamental o cumprimento deses prazos).
- Se houbese dispoñibilidade horaria por parte do profesorado, fixaranse horas de reforzo para o alumnado que teña matemáticas pendentes.
Durante o curso 2010-2011 fíxase unha hora semanal de reforzo para o alumnado que ten matemáticas pendentes de primeiro e outra para o alumnado que ten matemáticas pendentes de segundo; serán os xoves pola tarde.

Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.

- O profesorado propondrá semanalmente o traballo que deberá realizar o alumnado, debendo este respectar os prazos que se establezan para as entregas.
- Aínda que a asistencia ás clases de reforzo que se poidan fixar non é estritamente obrigatoria para os estudantes, recoméndase a asistencia do alumnado a elas, agás que as circunstancias persoais fagan imposible o cumprimento deste extremo. A asistencia a estas sesións valorarase positivamente.
- O profesorado fará especial observación do interese e progreso do alumnado cando se traten, no curso actual, cuestións directamente relacionadas coas aprendizaxes a recuperar.
- Valoraranse positivamente as respostas dadas correctamente polo alumnado en probas correspondentes ao presente curso que teñan que ver coa materia a recuperar.
- As alumnas e alumnos que cumpran de maneira satisfactoria e contrastada as condicións anteriores poderán ser eximidos da realización de probas destinadas a mostrar que xa se acadaron as aprendizaxes que non se adquiriran no curso pasado.
- O alumnado que teña matemáticas pendentes de cursos anteriores queda obrigado a seguir o programa de recuperación. A valoración obtida pola realización das actividades propostas xunto coa asistencia ás clases de reforzo formará parte da nota de avaliación intervindo nun 60 % como máximo. Esa porcentaxe será dun 40 % cando non se participe nas clases de reforzo. A porcentaxe restante, obterase a partir da valoración das probas escritas.
- A obtención dunha avaliación final positiva na materia de matemáticas correspondente ao presente curso, implicará unha avaliación positiva das aprendizaxes correspondentes ao curso anterior.

Para o curso 2010-2011, establécense tres probas escritas: a primeira das probas terá lugar entre os días 22 e 25 de novembro; a segunda entre os días 21 e 24 de febreiro; e a terceira entre os días 23 e 26 de maio. As datas concretas serán fixadas por Xefatura de Estudos.

As dúas primeiras probas xirarán arredor dos contidos que detallamos a seguir, mentres que a terceira terá carácter global e estará destinada ao alumnado que non teña acadada unha avaliación positiva tras a realización das dúas primeiras sesións de avaliación.

A puntuación final, correspondente as probas, calcularase facendo a nota media dos dous exames parciais, sempre que a nota acadada en cada un deles sexa igual ou superior a 3. Os alumnos que se presenten aos dous exames parciais e consigan nun deles nota superior a 5 puntos, no caso de non acadar nota media suficiente poderán optar por examinarse na proba final unicamente da parte da materia que teñan suspendida.

O alumnado que, tendo matemáticas pendentes de cursos anteriores, siga un programa de diversificación curricular, será avaliado exclusivamente polo profesorado

encargado do ámbito científico. O xefe do departamento de matemáticas estará ao dispor dese profesorado e será informado de cales foron os resultados finais da avaliación do alumnado implicado.

Tendo en conta o obxectivo fundamental do programa, os contidos conceptuais obxecto de avaliación serán os que se estableceron como contidos mínimos esixibles para cada un dos niveis.